



Estimadas familias:

O **CEIP Palas de Rei considera conveniente solicitar a xornada continua para o curso 2020 – 2021**. Os motivos fundamentais son a mellora do rendemento académico do alumnado, racionalizando o horario e aproveitando mellor as últimas sesións, así como o mellor aproveitamento do seu tempo de lecer e as súas horas de estudo.

Coa xornada continua non se producen interrupcións horarias que mermen a atención e o paso ao instituto non supón unha ruptura tan significativa cos hábitos de estudo do colexio, polo que facilita a adaptación dunha etapa á outra.

A xornada continuada non supón unha redución da xornada escolar nin para o alumnado nin para o profesorado, senón unha ampliación das posibilidades formativas, xa que as tardes ofrécense como unha alternativa na formación segundo os intereses do alumnado. A xornada continua permitiríalle ao centro ofertar máis servizos que na actualidade e sacarlle un maior aproveitamento ás instalacións.

O procedemento a seguir para a súa implantación está regulado pola *orde do 29 de maio de 2008*. Fixa como pasos a seguir os seguintes: acordo do claustro, acordo do Consello Escolar, informe favorable do servizo de transporte da delegación provincial e acordo favorable por parte das familias.

O próximo luns, día 11 de novembro, celebrarase o claustro e o Consello Escolar para proceder á súa votación. Tamén nesa semana solicitarase ao servizo de transporte o correspondente informe.

Se o informe do servizo de transporte escolar fose positivo, estableceremos unha **reunión grupal con todas as familias do alumnado do centro**, para presentarvos con detalle o proxecto que estamos elaborando e resolver todas aquelas dúbidas que poidades ter. A día de hoxe non é posible fixar unha data para dita reunión.

Un cordial saúdo.

Equipo Directivo do CEIP Palas de Rei.